



Richi Casás guíanos este domingo nun Roteiro polas cantareiras

3 de Outubro de 2025

Ubaldo Cerqueiro

<https://xornaldacoruna.gal/2025/10/03/richi-casas-guianos-este-domingo-nun-roteiro-polas-cantareiras/>

A AELG prepara xa ten listo o [Roteiro Da cidade á aldea. Unha historia das cantareiras na Coruña](#). Guiado por Ricardo Marcos Casás ([Richi Casás](#)), a cita vai ter lugar o **domingo 5 de outubro**, a partir das 12:00 horas, tendo como punto de partida a [Praza das Conchiñas](#).

Un roteiro pola Agra-Ventorrillo-Penamoa-Visma a pé con catro paradas musicadas sobre a transformación de mil aldeas nunha cidade, a través das vidas das cantareiras. Roteiro . Non é necesaria inscrición previa., pero cómpre levar paraugas (aínda que non chova).

Esta iniciativa da AELG pretende dar a coñecer as cidades e vilas do país da man das nosas escritoras e escritores, que exercen de guías tomando como base obras propias ou alleas vinculadas a eses espazos. Deste xeito, posibilitase que a cidadanía goce persoalmente dos espazos físicos na súa relación coa memoria literaria.